ACTIVIDAE 1

"O home é o que lle pasou, o que fixo… En suma, que *o home non ten natureza, senón que ten… historia.* Ou o que é igual: o que a natureza é ás cousas, é a historia –como *res gestae*- ao home (…) Tampouco o home ten outra natureza que o que fixo (…) Agora ben, do home é preciso decir, non só que o seu ser é variable, senón que o seu ser medra e, neste sentido, que progresa"
ORTEGA Y GASSET, J.; *Historia como sistema*

- Cal é a idea fundamental do texto?
- Por que considera Ortega que o home non ten naturaza?
- Que pode aportar aínda hoxe esta concepción?

ACTIVIDADE 2

O problema de se existen os estados físicos e mentais, de se interactúan ou se relacionan doutro xeito, coñécese coma problema do corpo e a mente ou da mente e o corpo, ou como o problema psico-físico. Unha das solucións concebibles deste problema é o interaccionismo: a teoría de que os estados mentais e físicos interactúan. Isto conduce máis exactamente a describir o problema do corpo e a mente como problema do cerebro e a mente, xa que se indica que a interacción localízase no cerebro. Considero que os problemas que nos ocupan pódense clarificar considerablemente se introducimos unha división tripartita. Primeiro está o mundo físico, o universo das entidades físicas que denominamos "mundo 1". En segundo lugar está o mundo dos estados mentais, incluínndo os estados de conciencia, as disposicións Psicolóxicas e os estados inconscientes; é o que denominamos "mundo 2". Pero hai un terceiro mundo, o mundo dos contidos do pensamento e, certamente, dos produtos da mente humana; a isto chamareille "mundo 3"
ECCLES, J e POPPER, K; *O eu e o seu cerebro*

1. Que solución se aporta no texto ao problema da relación mente-corpo?

2. Concédelle Popper realidade aos estados mentais?
3. En que consiste a teoría dos tres mundo das que se fala no texto?
4. O interaccionismo sería unha explicación monista e dualista?

ACTIVIDADE 3

Dende logo, a linguaxe humana está tamén rodeada de enigmas… como todo o que nos interesa de verdade! O primeiro deles é a propia orixe da linguaxe. Se o distintivo dos humanos é a palabra, como chegamos a obtela? Inventaron os primeiros humanos a linguaxe? Entón é que xa eran humanos antes de telo, pero humanos sen linguaxe, o cal contradí todo o que sabemos hoxe sobre a nosa especie. Foron uns primates prehumanos os inventores da fala? Pero como poideron eses animais desenvolver un mundo simbólico tan alonxado da animalidade como tal, fazaña que semella requerir a intelixencia plenamente evolucionada que supoñemos brotada precisamente do intercambio lingüístico? En fin, que se é a linguaxe o que nos fai humanos, os humanos non poideron inventar a linguaxe… Pero aínda nos resulta máis incríble que o inventasen outros animais!
SAVATER, F; *As preguntas da vida*

1. Cal é o paradoxo que se prantexa no texto?
2. Segue a ser un enigma a orixe da linguaxe?
3. Que hipótese manexa Chomsky acerca desta cuestión?

SOLUCIONARIO

ACTIVIDADE 1

- Cal é a idea fundamental do texto?
"O home non ten natureza, senón que ten… historia"

- **Por que considera Ortega que o home non ten natureza?**

O que Ortega quere manifestar é que a natureza humana non é biolóxica, senón biográfica, que o cambio e a temporalidade (co que implican de modificación, derealización, de determinación, de adquisición de novas experiencias) constitúen unha nota esencial do humano e, por tanto, non ten sentido afirmar a existencia dunha natureza fixa e inmutable.

- **Que pode aportar aínda hoxe esta concepción?**

En termos xerais, o xa expresado. Non podemos prescindir da temporalidade na concepción do home, xa que isto implicaría esquecer que as facultades do humano se desenvolven
no tempo.

ACTIVIDADE 2

1. Que solución se aporta no texto ao problema da relación mente-corpo?

O interaccionismo: a teoría según a cal os estados mentais e físicos interactúan

2. Concédelle Popper realidade aos estados mentais?

Si, para Popper non todo o real ten por que ser material, senón que considera que son reais todas as entidades que poden interactuar con realidades materiais. Así, a mente en real na medida en que ten capacidade para influír no cerebro e interactuar con el

3. En que consiste a teoría dos tres mundo das que se fala no texto?

En propoñer que debemos considerar a existencia de tres tipos de realidades (tres mundos):

"mundo 1": o mundo físico, o universo das entidades físicas

"mundo 2": o mundo dos estados mentais, incluínndo os estados de conciencia, as disposicións Psicolóxicas e os estados inconscientes

"mundo 3": o mundo dos contidos do pensamento e dos produtos da mente humana

4. O interaccionismo sería unha explicación monista ou dualista?

Considerar o mundo subxectivo mental como independente do mundo material, é unha explicación dualista. Sen embargo, algúns estudosos, non consideran esta proposta como un novo dualismo, senón máis ben como un intento de superación das formulacións monistas e dualistas. Se ben, o exposto anteriormente afirma a dualidade

mente-cerebro no ser humano, achegaríase ao monismo (aínda que sen aceptar o materialismo) en tanto que considera que a mente autoconsciente é un produto evolutivo emerxente do cerebro. Nun momento da evolución do cerebro humano apareceu o pensamento, é decir, unha mente autoconsciente que comezou a facerse cargo do seu comportamento. Este feito marcaría a diferenta radical entre o ser humano e o resto dos animais.

ACTIVIDADE 3

1. Cal é o paradoxo que se prantexa no texto?

Se é a linguaxe o que nos fai humanos, os humanos non poideron inventar a linguaxe

2. Segue a ser un enigma a orixe da linguaxe?

Si. A pesar das innumerables investigacións realizadas, seguimos sen saber con certeza cando e como naceu a linguaxe. Os antropólogos, etnólogos e lingüistas, teñen establecido diferentes hipótesis, pero os seus resultados no pasan de ser máis que meras especulacións. O único que parece claro é que a evolución da linguaxe foi paralela á evolución do home

3. Que hipótese manexa Chomsky acerca da orixe da linguaxe?

Noam Chomsky pensa que a aparición da linguaxe debeu ter lugar nun momento no que o ser humano se atopaba xa en posesión da capacidade mental e, por algunha razón, se produciu un reacomodo do cerebro que permitiu poñer en contacto dùas estruturas cerebrais que antes funcionaban separadas (linguaxe e pensamento).

Esta hipótese permitiría concluír que a especie humana procede de especies anteriores a través dun proceso gradual de complexificación no que participaron

os mesmos mecanismos que na aparición do resto dos seres vivos (mutacións xenéticas e presión selectiva do medio), pero nun momento determinado se produciu unha ruptura evolutiva, un verdadeiro salto emerxente que permitiu a habilidade de relacionar a capacidade cognitiva cerebral cos sons da laringe e se convertiría na dotación esencial e específica da especie humana.